

PROGRAMACIÓN DO DEPARTAMENTO **DE CIENCIAS NATURAIS**

Curso 2021-2022

CPI Antonio Orza Couto

Xefa do Departamento: Belén Mourullo Míguez

<u>INDICE</u>	Páxina
1. Introducción.....	4
2. O departamento.....	5
3. Xustificacións	
3.1. Contextualización.....	5
3.2. Marco legal xeral.....	5
4. Competencias clave	6
5. Obxectivos	
5.1. De etapa.....	7
5.2. Por curso.....	9
6. COVID-19	9
7. Bioloxía e xeoloxía – 1º ESO	
7.1. Obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares e competencias clave	9
7.2. Secuenciación e temporalización dos contidos e dos estándares de aprendizaxe	9
7.3. Estándares de aprendizaxe mínimos esixibles.....	9
7.4. Procedementos e instrumentos de avaliación de cada estándar de aprendizaxe	10
7.5. Grao mínimo de consecución para superar a materia.....	10
8. Bioloxía e xeoloxía – 3º ESO	
8.1. Obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares e competencias clave	10
8.2. Secuenciación e temporalización dos contidos e dos estándares de aprendizaxe	10
8.3. Estándares de aprendizaxe mínimos esixibles.....	10
8.4. Procedementos e instrumentos de avaliación de cada estándar de aprendizaxe	10
8.5. Grao mínimo de consecución para superar a materia.....	10
9. Bioloxía e xeoloxía – 4º ESO	
9.1. Obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares e competencias clave	11
9.2. Secuenciación e temporalización dos contidos e dos estándares de aprendizaxe	11
9.3. Estándares de aprendizaxe mínimos esixibles.....	11
9.4. Procedementos e instrumentos de avaliación de cada estándar de aprendizaxe	11
9.5. Grao mínimo de consecución para superar a materia.....	11
10. Ciencias aplicadas á actividade profesional – 4º ESO	
10.1 Obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares e competencias clave.....	11
10.2 Secuenciación e temporalización dos contidos e dos estándares de aprendizaxe.....	11
10.3 Estándares de aprendizaxe mínimos esixibles.....	11
10.4 Procedementos e instrumentos de avaliación de cada estándar de aprendizaxe.....	11
10.5 Grao mínimo de consecución para superar a materia.....	11

11.	Metodoloxía	12
12.	Materias, recursos didácticos e organización de espazos	13
13.	Actividades complementarias e extraescolares	14
14.	Avaliación	
13.1	Procedementos e instrumentos de avaliación	14
13.2	Deseño da avaliación inicial e medidas a tomar en función dos resultados	16
13.3	Criterios de cualificación	17
15.	Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	19
16.	Programa específico para o alumnado repetidor	20
17.	Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente	20
18.	Medidas de atención á diversidade	22
19.	Accións de contribución ao plan lector	22
20.	Accións de contribución ao plan TIC.....	23
21.	Accións de contribución ao plan de convivencia.....	23
22.	Coordinación con outros Departamentos	24
23.	Propostas de mellora do curso pasado	24
24.	Mecanismos para a revisión, avaliación e modificación da programación.....	25

1- INTRODUCCIÓN

Existe unha estreita relación entre o progreso da humanidade e o coñecemento científico. Así, os avances que observamos no noso entorno son debidos na súa maioría a estes coñecementos, tal que poderíase definir á sociedade na que vivimos como unha sociedade tecnolóxico-científica. Estes avances son o froito da cooperación entre científicos de diferentes ramas da Ciencia, entre as que se atopa a Bioloxía e a Xeoloxía.

A Ciencia, non é unha entidade estática, senón que se atopa en permanente evolución. Cada vez son máis importantes as profesións relacionadas coa Bioloxía e a Xeoloxía, como máis numerosas son as cuestións de ámbito biolóxico que nos abordan (medio ambiente, xenética, biomedicina...), moitas das cales requiren unha participación por parte da cidadanía.

É preciso, polo tanto, proporcionarlle ao alumnado as bases científicas sobre as que se asente o coñecemento da realidade do mundo contemporáneo para analizala e valorala de forma crítica. O estudo da Bioloxía e Xeoloxía contribuirá non soamente a súa comprensión en si, senón tamén a dos elementos fundamentais da investigación e do método científico.

A forma de abordar o ensino incluírá, ademais dos conceptos, a súa utilidade e a súa construción como o produto de incesantes investigacións que, continuamente, confirman e trocan os conceptos científicos. Todo isto contribuirá a ampliar e a afondar no estudo dos mecanismos básicos que rexen o mundo vivo, a valorar as implicacións sociais e persoais dos coñecementos científicos e dos novos descubrimentos, e a promover unha actitude investigadora.

Así pois a Bioloxía e a Xeoloxía contribuirán a formar aos alumnos como persoas e como cidadáns, ademais de orientalos e formalos cara ás saídas profesionais relacionadas con esta área.

2- O DEPARTAMENTO

O Departamento neste curso está integrado unicamente pola profesora Belén Mourullo Míguez.

As materias e cursos impartidos por este Departamento son:

Materias	Nº Grupos	Sesi3ns semanais
Bioloxía e Xeoloxía 1º ESO	1	4
Bioloxía e Xeoloxía 3º ESO	1	2
Bioloxía e Xeoloxía 4º ESO	1	3
Ciencias aplicadas á actividade profesional 4º ESO	1	3

3- XUSTIFICACIÓN

3.1.- CONTEXTUALIZACIÓN

Na contextualización das características particulares do entorno cultural, social e económico ao que pertence o C.P.I., a presente programación da área de Ciencias da Natureza tenta adecuarse no maior grado posible á realidade que presenta o noso centro, situado nun concello rural pero que se atopa moi cerca de Santiago de Compostela, e polo tanto, dentro da área de influencia dunha cidade.

Neste curso lectivo o número de alumnos por aula que cursan materias da área son:

Curso	1º	3º	4º (BIOLOXÍA)	4º (CAAP)
Nº alumnos/as	23	26	12	7

3.2- MARCO LEGAL XERAL

Os documentos legais nos que fundamentalmente baseámonos para establecer o currículo desenrolado nesta programación son:

- Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa establece unha nova organización da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato.

- Real decreto 1105/2014, do 26 de decembro, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato, estableceu o currículo básico desas dúas etapas.
- Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato.
- Resolución do 29 maio de 2019, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do currículo establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2021/22.

4- COMPETENCIAS CLAVE


As competencias clave no currículo LOMCE na ESO e a correspondente abreviatura que empregaremos nesta programación son: Hai que destacar

Comunicación lingüística (CCL).
Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).
Competencia dixital (CD).
Aprender a aprender (CAA).
Competencias sociais e cívicas (CSC).
Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).
Conciencia e expresións culturais (CCEC).

Hai que destacar que neste ano será de especial importancia tanto a competencia dixital, xa que será clave no desenvolvemento das clases, coma a competencia social e cívica, ante a situación de pandemia na que nos atopamos.

A continuación amósase un gráfico no que se observa como contribúen as materias impartidas

polo Departamento no perfil competencial do alumnado.



5- OBXECTIVOS

5.1.- DE ETAPA

Os obxectivos da ESO na LOMCE son os seguintes:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- l) Coñecer, valorar e respectar aspectos básicos da cultura e historia propias e das outras persoas, e o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
- m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.
- n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
- o) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo

actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

p) Coñecer e valorar a importancia do uso do noso idioma como elemento fundamental para o mantemento da nosa identidade, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que nos comunica con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

5.2- POR CURSO

En todos e cada un dos cursos para os cales se destina esta programación, abórdanse todos e cada un dos obxectivos de etapa expostos anteriormente. Para ver como se relacionan estes obxectivos por cada estándar ver o anexo I para 1º da ESO, o III para 3º, o V para 4º.

6- COVID-19

O curso 2021/2022 é un curso aínda condicionado pola pandemia do COVID-19, de aí que tanto na elaboración desta programación didáctica coma na súa aplicación haxa unha serie de modificacións no desenvolvemento do curso en relación a cursos anteriores. Todas estas modificacións veñen determinados pola necesidade de preservar a saúde da comunidade educativa, sendo a prioridade absoluta, sen diminuír a calidade da educación do alumnado.

7- BIOLOXÍA E XEOLOXÍA 1º ESO

7.1- Obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares e competencias clave

(Ver táboa no anexo I. Ter en conta que as abreviaturas das competencias clave así como os obxectivos de etapa alí escritos son os expostos anteriormente en ditos apartados desta programación.)

7.2- Secuenciación e temporalización dos contidos e dos estándares de aprendizaxe

A secuenciación dos contidos e os seus correspondentes estándares *(ver táboa do anexo II)* coincide, en resumo, por bloques (do 2 o 4) coa presentada no punto anterior.

- Na primeira avaliación impartiranse os bloques de contidos 2.1 ao 2.12.
- Na segunda de 2.13 ao 3.3.
- Na terceira de 3.4 ao 4.7.

Os bloques 1 e 5 trabállanse en todas as avaliacións.

7.3- Estándares de aprendizaxe mínimos esixibles

Todos os estándares expostos nesta programación son os mínimos esixibles para aprobala
(*ver táboa do anexo II*).

7.4- Procedementos e instrumentos de avaliación de cada estándar de aprendizaxe

(*Ver táboa do anexo II*).

7.5- Grao mínimo de consecución para superar a materia

Superar todos os estándares de aprendizaxe pois todos eles son avaliábeis.

8- BIOLOXÍA E XEOLOXÍA 3º DA ESO

8.1- Obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares e competencias clave

(*Ver anexo III. Ter en conta que as abreviaturas das competencias clave así como os obxectivos de etapa alí descritos son os expostos anteriormente en ditos apartados desta programación*).

8.2- Secuenciación e temporalización dos contidos e dos estándares de aprendizaxe

A secuenciación dos contidos e os seus correspondentes estándares é a seguinte:

- Na primeira avaliación impartiranse os contidos do bloque 2.1 ao 3.16, e dentro do 3.15 e 3.16 trataremos só o aparello dixestivo.
- Na segunda avaliación impartiranse os contidos que irán dende o que resta do 3.15 e 16 ata o 3.24.
- Na terceira avaliación impartiranse os contidos que van do 3.25 ao 5.3.
- Os bloques 1 e 6 trabállanse en todas as avaliacións.

8.3- Estándares de aprendizaxe mínimos esixibles

Todos os estándares expostos nesta programación son os mínimos esixibles para aprobala.

8.4- Procedementos e instrumentos de avaliación de cada estándar de aprendizaxe

(*Ver táboa do anexo IV*).

8.5- Grao mínimo de consecución para superar a materia

Superar todos os estándares de aprendizaxe pois todos eles son avaliáveis.

9- BIOLOXÍA E XEOLOXÍA 4º ESO

9.1- Obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares e competencias clave

(Ver táboa no anexo V).

9.2- Secuenciación e temporalización dos contidos e dos estándares de aprendizaxe

A secuenciación dos contidos e os seus correspondentes estándares é a seguinte:

- Na primeira avaliación impartirase o bloque de contidos 2.
- Na segunda avaliación impartirase o bloque 1.
- Na terceira avaliación impartirase o bloque 3.

Mentres que o bloque 4 vaise desenvolver en todas as avaliacións.

9.3- Estándares de aprendizaxe mínimos esixibles

Todos os estándares expostos nesta programación son os mínimos esixibles para aprobala
(ver táboa do anexo VI).

9.4- Procedementos e instrumentos de avaliación de cada estándar de aprendizaxe

(Ver táboa do anexo VI).

9.5- Grao mínimo de consecución para superar a materia

Superar todos os estándares de aprendizaxe pois todos eles son avaliáveis.

10- CIENCIAS APLICADAS Á ACTIVIDADE PROFESIONAL 4º ESO

9.1- Obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares e competencias clave

(Ver táboa no anexo VII).

9.2- Secuenciación e temporalización dos contidos e dos estándares de aprendizaxe

A secuenciación dos contidos e os seus correspondentes estándares é a seguinte:

- Na 1ª avaliación impartirase o bloque 1 de contidos.

- Na 2ª avaliación impartirase o bloque 2.
- Na 3ª avaliación impartirase o bloque 3

Mentres que o bloque 4 desenvolverase en todas as avaliacións (*ver táboa do anexo VIII*).

9.3- Estándares de aprendizaxe mínimos esixibles

Todos os estándares expostos nesta programación son os mínimos esixibles para aprobala (*ver táboa do anexo VIII*).

9.4- Procedementos e instrumentos de avaliación de cada estándar de aprendizaxe

(*Ver táboa do anexo VIII*).

9.5- Grao mínimo de consecución para superar a materia

Superar todos os estándares de aprendizaxe pois todos eles son avaliábeis

11- METODOLOXÍA

Nesta programación preténdese que o alumnado aprenda **significativamente** os coñecementos relativos aos distintos contidos. En relación con este punto, os contidos organízanse partindo do menor nivel de dificultade do caso particular ao nivel xeral máis abstracto, para lograr o aprendizaxe significativo, de tal xeito que partindo da motivación e interrogantes iniciais conclúese coa adquisición dos suficientes contidos científicos desenvolto para cada núcleo temático.

Os coñecementos constrúense **a partir dos aprendizaxes adquiridos** nos cursos anteriores, de forma que conecten o que xa saben cos novos coñecementos para que poidan utilizalos adecuadamente, de aí a importancia dunha diagnose inicial que nos oriente sobre estes coñecementos iniciais do alumnado. Perséguese pois, que os novos coñecementos **se integren** ampliando e afondando nos anteriores e, en caso de que sexa necesario, modificando esquemas erróneos previos. Para isto preténdese, ademais de engarzar os novos coñecementos cos de anteriores cursos, que se manteña unha certa continuidade dentro desta programación.

Trátase tamén que os novos coñecementos sexan **acadables** polos alumnos/as de xeito que sexan adecuados para as súas potencialidades cognitivas.

Ademais, a metodoloxía debe ser **activa** propiciando a reflexión, o razoamento e o análise crítico para que poidan aprender por si mesmos, de xeito que os alumnos/as

conquiran unha madurez persoal e unha capacidade formativa que lles permita chegar a ser membros activos e responsables da sociedade, capaces de detectar, analizar e resolver os problemas que lles xurdan na vida cotiá.

As actividades serán o medio para acadar este tipo de aprendizaxe. Diferenciamos distintos tipos: actividades de inicio, de desenvolvemento, avaliación, ampliación e reforzo.

12.- MATERIAIS, RECURSOS DIDÁCTICOS E ORGANIZACIÓN DE ESPAZOS

Para o desenvolvemento da programación terase en conta que as actividades de ensinanza-aprendizaxe realizaranse maioritariamente na aula de referencia de cada curso e nalgún caso, sempre que as condicións o permitan no exterior do edificio do centro.

A organización das aulas, seguindo o protocolo establecido pola Consellería de Educación, será de forma que os alumnos/as estarán sentados de forma individual establecendo filas e columnas con unha separación de 1,2 m.

En canto aos materiais e recursos didácticos que se empregarán son os seguintes:

- Fichas do profesor, onde se recollen os datos de cada alumno/a.
- Caderno de clase do alumno/a onde se recollerá a información, exercicios e postas en común que se realicen na clase.
- Materiais impresos, ben directamente polo alumnado ou ben subministradas a través da profesora, tales como cuestións, gráficas, esquemas ou comentarios de textos científicos ou divulgativos.
 - Libros de texto: En 1º empregaranse o libro dixital proporcionado pola plataforma Edixgal, en 3º e en 4º empregaremos como libro de texto Bioloxía e Xeoloxía da editorial Santillana e nas Ciencias aplicadas á actividade profesional empregarase o libro da editorial Vicens Vives.
- Materiais audiovisuais e/ou dixitais, que servirán tanto para presentar a materia, como para concibir exercicios ou actividades para o alumnado.
 - Prensa e revistas de divulgación científica dixitais.
 - Proxector e ordenador portátil.
 - Ordenadores con conexión a Internet, que serán empregados como un material de consulta máis.

- Aplicacións dixitais: moodle, kahoot, genially, quizzizz, simuladores de prácticas de laboratorio virtuais...
- Material de laboratorio, no que se inclúe os aparellos, instrumental, os funxibles, preparacións, produtos químicos e as mostras biolóxicas necesarias para as actividades programadas.

13.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Neste curso debido a súa peculiaridade non se prevé organizar ningunha actividade complementaria.

Cando sexa posible poderanse desenvolver sesións ordinarias no medio ambiente circundante, para desenvolver actividades relacionadas co desenvolvemento do currículo de cada curso.

14.- AVALIACIÓN

14.1 PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

A avaliación debe ser individualizada, sistemática, continua, formativa, orientadora e sumativa.

A avaliación é individualizada porque céntrase na evolución de cada alumno e na súa situación inicial e particularidades. A avaliación é sistemática cando hai un plan establecido, con criterios definidos. A avaliación continua lévase a cabo mediante a observación e valoración diaria do alumnado e é de natureza formativa polo que debe ser considerada unha actividade máis de aprendizaxe. En canto á natureza orientadora da avaliación refírese a que aporta ao alumno/a a información precisa para mellorar a súa aprendizaxe e adquirir estratexias apropiadas. Ademais, a avaliación sumativa ten como misión indicar e cuantificar o que os alumnos/as adquiriron.

En cada unidade valorarase a consecución dos distintos obxectivos por parte dos alumnos/as relacionados cos criterios de avaliación anteriormente indicados.

Podemos sinalar, pois, as seguintes fases de avaliación:

- a) Avaliación inicial

Ó principio de cada bloque temático, antes da exposición inicial, realizaranse unhas preguntas aos alumnos/as sobre os seus coñecementos, o que permitirá detectar os coñecementos previos dos alumnos/as e modificar conforme á realidade detectada as unidades.

b) **Avaliación durante o proceso**

A observación do desenvolvemento das diferentes actividades durante as que se manterá unha relación e comunicación continua cos alumnos/as, permitirá readaptar continuamente o proceso para alcanzar os obxectivos marcados.

c) **Avaliación final**

A realización de probas durante e ao finalizar a unidade e o análise de tódalas actividades desenvolvidas pecharán o proceso de avaliación e darán información suficiente para determinar se foron alcanzados os obxectivos marcados.

A avaliación realizarase valorando os seguintes datos:

- **Traballo individual**, diariamente observarase a participación, o aporte de ideas, o rendemento, a constancia e interese por facer ben as cousas, a orde e a limpeza, a inquietude por atopar solucións aos problemas biolóxicos e o emprego da terminoloxía científica nas consultas.
- **As probas escritas**, realizándose como mínimo unha por avaliación na que se valorará ter adquiridos os contidos traballados e a formulación de razoamentos empregando o vocabulario científico básico.
- **O traballo de laboratorio**, onde se valorará a curiosidade, o respecto polas normas de hixiene e seguridade e a capacidade para chegar a conclusións correctas a partir das experiencias realizadas. Deberán conter as cuestións plantexadas e as súas observacións.
- **Traballos de investigación**, avaliarase a calidade e claridade do contido e dos recursos gráficos empregados, na presentación, tanto do documento entregado como da exposición, se ten lugar.
- **As intervencións diarias na aula**, durante as exposicións e no proceso de traballo, así como a participación nas postas en común e nos debates. Nas que se observará o emprego dunha estrutura clara nas mensaxes, o nivel de adecuación das intervencións, o uso de vocabulario axeitado e o respecto polas opinións dos demais.

- **A actitude**, durante o transcurso de todos os instrumentos anteriormente mencionados téndose en conta a participación, o interese, o esforzo, o respecto aos compañeiros e ás normas de funcionamento do aula, e a actitude de tolerancia.

Como resumo xeral, pode dicirse que avaliarase os progresos e avances dos alumnos de forma continua e personalizada, é dicir, observarase e valorarase todo o proceso de aprendizaxe de cada alumno, non so o resultado final.

Tomaranse como criterios xerais válidos para todas as actividades os seguintes:

- A correcta expresión oral e escrita en consonancia co vocabulario técnico da materia.
- A comprensión dos distintos conceptos que se consideren e o razoamento lóxico que os relacione entre si.
- O manexo de técnicas de resolución de problemas e uso axeitado de unidades.
- Un afianzamento no esforzo no traballo, tanto individual como en grupo e na participación activa nas diferentes tarefas.
- Actitude respectuosa cara as persoas e trato correcto ao material.

14.2- DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS A TOMAR EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS

- Ao principio de curso en 1º da ESO farase unha proba escrita para coñecer cales son os coñecementos do alumnado. Esta información sumarase á recibida na reunión levada a cabo antes do inicio de curso co profesorado que impartiu clase en primaria.

En 3º e 4º da ESO tamén se fará unha proba escrita inicial para indagar nos coñecementos que posúe o alumnado.

- Ademais ao principio de cada bloque temático, antes da exposición inicial, realizaranse unhas preguntas aos alumnos/as sobre os contidos a impartir.

Todos estes datos permitirán detectar os coñecementos previos dos alumnos/as e modificar conforme a realidade detectada as unidades didácticas. Así, no caso de detectar problemas nos conceptos e procedementos previos necesarios para o presente curso

amoldaremos a aprendizaxe para adquirilos no momento que sexa preciso.

14.3 - CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Criteriaos xerais de cualificación para cada avaliación

O profesor determinará en cada caso o peso que terá cada instrumento de avaliación segundo a importancia e o uso que tivera no desenvolvemento de cada unidade didáctica.

A cualificación global de cada avaliación obterase mediante a valoración das cualificacións obtidas a través dos instrumentos utilizados.

Probas escritas: medio para comprobar se o alumno/a acadou os obxectivos programados e os estándares de aprendizaxe.

A nota das probas escritas terá unha puntuación máxima de 10 puntos. En caso de haber máis dunha proba escrita por avaliación farase a media aritmética entre estas probas.

Non se fará media con notas de probas escritas por debaixo de 3, dando por suspensa a avaliación.

Se ben, habendo máis dunha proba por avaliación e se existise unha notable diferenza entre a cantidade de materia que entra en cada unha destas probas a profesora ponderará, avisando previamente aos alumnos, cal é o valor ou peso respecto a cualificación da avaliación que ten cada unha destas probas.

Se o alumno non realizara algunha proba sen causa xustificada a nota desa proba será dun 0.

A realización fraudulenta dunha proba escrita (copiar, “chuletas”, “cambiazos”,...) conlevará unha cualificación de 0 en dita proba.

Traballo diario: a cualificación correspondente ao traballo diario formarase coas notas en conxunto de:

- Caderno de traballo
- Informes de prácticas (de habelos)
- Traballo na casa
- Traballo na aula
- Traballo no laboratorio

- Traballo de investigación
- Traballo nas saídas extraescolares (de habelas)

As cualificacións de cada avaliación sairá das cualificacións obtidas nas probas escritas cun valor do 70%; e das cualificacións obtidas do traballo diario tendo un valor dun 30%, nas materias de Bioloxía e Xeoloxía tanto de 1º, 3º e 4º. Mentres que na materia das Ciencias aplicadas á actividade profesional, o valor das probas escritas será dun 50% e o valor do traballo diario dun 50%.

Criterios xerais para o curso completo

A cualificación final será o resultado da media das tres avaliacións.

A cualificación final do alumnado se considerará positiva se acada 5 puntos sobre un total de 10 posibles.

Os alumnos que non aproben a materia en xuño tras as tres avaliacións ordinarias, examínanse daquela parte non superada ou do seu total, se é o caso, na proba extraordinaria de xuño, a través dunha proba escrita, onde só se terá en conta a cualificación desta proba e deberán superar unha cualificación de 5 puntos.

Recuperacións das avaliacións

Aquel alumnado que suspenda algunha avaliación ten dereito a súa recuperación, por medio dunha proba escrita. A nota máxima que se poderá obter na recuperación será dun cinco independentemente da nota do exame.

O curso considerarase recuperado e superado se a media das tres avaliacións supera ou iguala 5.

No caso de ter que acudir ás recuperacións citadas máis adiante a nota final será o resultado da media entre as avaliacións aprobadas e a cualificación das probas de recuperación.

15.- ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES

Os **contidos, obxectivos e criterios de avaliación** nas que se basearán as probas de pendentes serán os impartidos no ano académico que cursaron a materia que teñen pendente.

A avaliación realizarase valorando os seguintes datos:

- a) Os alumnos terán que contestar uns determinados cuestionarios que se lles proporcionarán. As preguntas destes cuestionarios forman parte dos **contidos** impartidos no ano académico que cursaron a materia que teñen pendente. A cualificación obtida será a media de todos os cuestionarios.
- b) Ademais, complemento do anterior, haberá que superar ben dúas probas escritas en xaneiro e en abril ou unha soa proba escrita no mes de maio. As probas de xaneiro e abril basearanse cada unha delas na metade dos contidos totais da materia.

A cualificación obtida por cada alumno/a será o froito da avaliación destas dúas actividades en conxunto, tendo en conta que o apartado a) ten unha valoración do 30% e o b) do 70%.

Como se pode apreciar existen dúas modalidades para superar as materias pendentes, ditas modalidades son:

Modalidade A: Nela haberá dúas quendas de cuestionarios (metade do temario cada unha), unha como data límite xaneiro e outra en abril, e as súas correspondentes probas escritas. En cada unha destas quendas de cuestionarios e probas escritas entrará a metade dos contidos da materia.

Modalidade B: Consiste en valorar todos os cuestionarios como data límite primeiros de maio, que serán valorados en conxunto, e facer nese mes unha proba escrita de toda a materia.

A data límite para os cuestionarios será determinado polo Departamento e será fixado en torno a 10 días antes dos exames (tanto na opción xaneiro e abril, como na de maio).

Complemento do anterior dicir que:

- Se o alumno aproba no mes de xaneiro e abril non necesitará acudir á proba escrita do mes de maio pois está aprobado.
- Se ten unha parte suspensa de xaneiro ou abril e a media da cualificación das dúas partes supera o 5 non necesitará acudir á proba escrita do mes de maio estando aprobado.
- Se ten unha parte suspensa ou non presentada de xaneiro ou abril e a media da cualificación das dúas partes non supera o 5, necesitará acudir á proba escrita do mes de maio onde se examinará da metade suspensa.

No caso de ter feitos os cuestionarios dunha metade non o presentará outra vez e terase en conta a nota obtida anteriormente. No caso de non habelos feito total ou parcialmente se recomenda que os faga, pois ditos cuestionarios valen o 30 % da cualificación de dita parte do temario.

- Se ten suspenso ou non presentado tanto xaneiro como abril vai con toda a materia a maio.

16.- PROGRAMA ESPECÍFICO PARA O ALUMNADO REPETIDOR

Para o alumnado repetidor teremos en conta o logro dos mínimos esixibles. Se lle fará un seguimento especializado. En cada clase controlaranse as tarefas propostas. Entregaráselle material adicional se é necesario. Falarase co titor para que este lle comunique aos seus pais ou tutores a súa marcha, no caso de que non traballe ou non progrese adecuadamente.

17.- INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁTICA DOCENTE

En base a esta revisión continua, e a fin de ter unha avaliación positiva de todo o proceso docente e de ensino-aprendizaxe, deberemos considerar os seguintes indicadores:

- Desenvolvemento na clase da programación.
- Relación entre os obxectivos e contidos e a súa contribución ao desenvolvemento das competencias clave.
- Adecuación dos obxectivos e contidos ás necesidades reais.
- Adecuación dos medios e metodoloxía ás necesidades reais

Os procedementos para dita avaliación os desenvolveremos segundo o seguinte esquema:

Indicadores de logro do proceso de ensino

	Escala			
	1	2	3	4
O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.				
Consegiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe.				
Consegiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado.				
Consegiuse a participación activa de todo o alumnado.				
Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado.				
Mantívoose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado.				
Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.				
1. Usáronse distintos instrumentos de avaliación.				
2. Dáse un peso real á observación do traballo na aula.				
3. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo.				

Indicadores de logro da práctica docente

	Escala			
	1	2	3	4
Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.				
Ofrécense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.				
Elabóranse actividades atendendo á diversidade.				
Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE.				
Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.				
Combínase o traballo individual e en equipo.				
Poténcianse estratexias de animación á lectura.				
Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.				
Incorpóranse as TIC aos procesos de ensino – aprendizaxe.				
1. Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar.				
2. Ofrécense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos, etc.				
3. Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc.				
4. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros.				
5. Grao de implicación do profesorado nas funcións de titoría e orientación.				
6. Adecuación, logo da súa aplicación, das ACS propostas e aprobadas.				
7. As medidas de apoio, reforzo, etc. están claramente vinculadas aos estándares.				
8. Avaliase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación...				

18.- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

En caso necesario para atender ás distintas demandas educativas atopámonos con distintas medidas que van dende axudas concretas, que necesita o alumnado en determinados momentos para superar algunha dificultade, ata axudas permanentes e continuas ao longo da súa escolarización. Inicialmente contemplamos as seguintes medidas:

- Atención individual intensiva
- Subministración de material de apoio na aula
- Ampliación de tempo na realización de probas
- Tutorías durante os recreos

De ser insuficientes, as axudas serían, principalmente, o reforzo educativo e as adaptacións curriculares:

- Non existen **plans de mellora no noso centro**.
- As **adaptacións curriculares** son as modificacións que se realizan dende a programación en obxectivos, contidos, metodoloxía, actividades, criterios e procedementos de avaliación para atender ás necesidades individuais.
- O **reforzo educativo** aplícase cando as necesidades que presenta o alumno non poden ser suficientemente atendidas cos medios ordinarios, co que se precisa algún tipo de intervención "extra", que é o que se entende por reforzo educativo. Neste curso esperaremos ós primeiros días para ver se precisamos do apoio por parte do profesorado especialista en PT e AL.

19.- ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN LECTOR

Dende a materia de Bioloxía e Xeoloxía potenciaremos un bo hábito de lectura por parte do alumnado, xa que, ao ser unha ferramenta básica, de manexala con destreza, facilitaríase moito a adquisición dos coñecementos.

O procedemento a seguir para contribuír ao plan lector é:

Írase subministrando ao alumnado, ao longo de todo o curso, unha selección de artigos extraídos da prensa, revistas ou internet que garden relación coa materia, para que lean e así poder comentalas de forma grupal.

Ao mesmo tempo, incentivarase a participación do alumnado para que sexan eles mesmos os que aporten tamén textos e adquiran así o hábito de consultar eses medios e de manexar unha información que enriquecerá a súa aprendizaxe e hábito lector agora e no futuro.

20.- ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC

O Departamento de Ciencias Naturais utilizará as TIC empregando o portátil do Departamento e os proxectores e altofalantes que hai nas aulas da ESO, para impartir as materias do Departamento a través de presentacións, vídeos didácticos, páxinas web. Parte deste material poñerase a disposición do alumnado.

En todos os cursos empregarase a aula virtual de moodle como medio principal para a elaboración de actividades.

O centro dispón de ordenadores Edixgal en 1º ESO. Este Departamento tentará participar activamente neste proxecto.

21.- ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA

O docente ademais de atender a faceta instrucional dos contidos curriculares, tamén debe centrar o seu traballo titorial e instaurar hábitos educativos correctos, dentro do proxecto de educación integral do alumno.

Faise necesario buscar un equilibrio entre comportamentos e habilidades, tanto para a aprendizaxe, como para a convivencia escolar e social en xeral.

Terase en conta:

- Desenvolvemento de actitudes de solidariedade, pacifismo e respecto.
- Tolerancia e valoración de actitudes, crenzas e formas de vida de persoas ou grupos pertencentes a culturas distintas á nosa.
- Fomento dun vocabulario axeitado a un centro educativo.
- Colaboración no cumprimento do NOF.
- Rexeitamento de conductas que dificulten a convivencia polo medio ambiente.
- Contribución no día a día na educación do alumnado como cidadáns.
- Nas saídas extraescolares fomentarse o respecto e a valoración do medio ambiente, como indicador de calidade de vida.
- No laboratorio destacarase a perigosidade dos produtos químicos utilizados e a necesidade dunha adecuada manipulación para non prexudicar o medio ambiente.

22.- COORDINACIÓN CON OUTROS DEPARTAMENTOS

O desenvolvemento da materia de Bioloxía e Xeoloxía permite o tratamento interdisciplinario de moitos contidos integrados no currículo de outras materias, entre as que merece especial mención:

- Matemáticas: A realización de cálculos para a determinación de magnitudes, e estratexias de cálculo que proceden desta materia.
- Tecnoloxía: A tecnoloxía aporta un coñecemento das variables do desenvolvemento tecnolóxico imprescindible para avaliar o seu custo ecolóxico, económico, social.....
- Física e química: xa que se atopan presentes no mundo que nos rodea, traballando co método científico,...
- Xeografía e historia: en temas tales como a tectónica de placas, a demografía, climatoloxía, xenética, etc... Ademais da contextualización todos os avances científicos.

Destacar que cos Departamentos de ciencias nos coordinamos para ter criterios comúns en diferentes aspectos matemáticos.

Ademais realizaremos parte das tarefas complementarias en colaboración cos Departamentos de Física e Química e o de Tecnoloxía.

Merece especial mención a relación constante que se debe ter co **Departamento de orientación** co que colaboraremos en actividades de orientación educativa e profesional, así como será o referente para consultas de materia educativa, pedagóxica e lexislativa. Ademais será o órgano encargado da orientación académica e profesional dos nosos alumnos/as e ao que derivemos calquera alumno/a susceptible de medidas de atención á diversidade, o que nos leva ao concepto, mencionado no apartado anterior, de necesidades educativas especiais.

23.- PROPOSTAS DE MELLORA DO CURSO PASADO

Tendo en conta os atrancos que se presentaron o curso pasado cos diversos confinamentos que sufriron algúns alumnos/as esta programación está deseñada para dar unha resposta satisfactoria nos tres escenarios posibles que e nos poden plantexar este curso: presencial, semipresencial e a distancia.

Por iso dende o 1º día de clase o alumnado familiarizarase co uso da aula virtual, peza clave do desenvolvemento do curso.

24.- MECANISMOS PARA A REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN

Ao chegar a este punto, é imprescindible ter en conta que todo é susceptible de modificación, xa que a exposición teórica da programación ten que verse contrastada coa posta en práctica. Así, aínda sendo a Programación un instrumento que elabórase con vontade de permanencia no tempo, a necesidade de evitar que se reduza a mero formalismo burocrático, co fin de determinar a súa utilidade e validez e introducir os trocos e reelaboracións que se consideren necesarias, implica un proceso de avaliación continua.

Converter a programación nun instrumento útil e eficaz para a xestión e organización da praxe pedagóxica que de resposta e desenrole as finalidades educativas marcadas para un curso, esixe a previsión de mecanismos de autorregulación. Neste senso, o plan de avaliación da programación non é a sinxela medida dos resultados obtidos en relación cos obxectivos propostos, senón un elemento regulador do proceso educativo completo.

